

Venres, 28 de decembro de 2018

Núm. 248

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE
AUGAS DE GALICIA
ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-SUR

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

*DH.A36.18061. SOLICITUDE DE CONCESIÓN DE AUGA PARA REGA DA FUNDACIÓN
CONDADO DE TABOADA*

ANUNCIO DE INFORMACIÓN PÚBLICA

A Fundación Condado de Taboada, co CIF G86790797, solicita de Augas de Galicia a concesión dun caudal de auga de 14504,00 m³/ano, procedente de tres pozos e tres mananciais, no lugar de Cortiñas, parroquia de Vilariño (Santo Adrián), no concello de Cambados (Pontevedra), con destino a rega.

Este anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 109 do Regulamento do dominio público hidráulico.

Expediente: DH.A36.18061

As características do aproveitamento son:

SOLICITANTE: Fundación Condado de Taboada

CAUDAL: 14504,00 m³/ano

DESTINO: rega

ORIXE: Tres pozos e tres mananciais nas seguintes parcs. do catastro de Cambados. Pozo 1 e manancial 1 en pol. 5, parc. 288. Mananciais 2 e 3 en pol. 4, parc. 401. Pozo 2 en pol. 5, parc. 257. Pozo 3 en pol. 5, parc. 140

LUGAR: Cortiñas

PARROQUIA: Vilariño

CONCELLO: Cambados

DESCRIPCIÓN:

Dende o pozo 1, 95 m prof. bombéase a auga a caseta proxima metálica 2,0x2,5x2,5 m, dende onde se distribúe para rega por goteo da parc. 288, pol. 5 e 401, 556,557 do pol. 4. A auga dos mananciais cáptase en sendas arquetas aros formigón Ø 1,0 m, 2,0 m prof. e condúcese ata depósito aberto formigón 13,26x6,82x1,10 m na parc. 286, pol. 5, dende onde se conduce para



Venres, 28 de decembro de 2018

Núm. 248

rega por inundación das parcs. 282, 283, 285, 286, 292, 293 e 294 do pol. 5. Os pozos 2 e 3, duns 75 m prof. bombean a auga cara a balsa de acumulación lámina PVC escavada no terreo na parc. 140, pol. 5, da balsa condúcese a auga a caseta de bombeo metálica 2,0x2,5x2,5 da que parte sistema goteo para rega das parcs. 140 e 257 do pol. 5.

O que se fai público, para xeral coñecemento, por un prazo de vinte (20) días naturais a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Pontevedra ou nas oficinas deste servizo, situadas na rúa San Salvador, 2, 4º de Vigo, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Vigo, 26 de outubro de 2018

O xefe do Servizo Territorial de Augas de Galicia

P.S. Resoluc. dirección Augas de Galicia do 20.02.2017

Alberto Bosquet Herreros

